

INFORME

Galicia é a terceira comunidade que máis perdas económicas rexistrou por culpa dos terremotos, con preto de 36 millóns de euros entre os anos 1987 e 2001. As inundacións custáronnos máis de 385 millóns de €, o que nos sitúa no quinto posto

Os desastres naturais pasan factura

Redacción · Santiago

Case 36 millóns de euros en terremotos entre 1987 e 2001 e máis de 385 en inundacións (87 02). Os desastres naturais pasan factura en todo o mundo e Galicia tampouco se libra. De feito, somos a terceira comunidade con maiores perdas económicas en terremotos (35.772.962 de euros, con Lugo no máis alto da lista de provincias españolas), por detrás de Andalucía e Murcia, e a quinta en gastos por inundacións (385.422.214), tras a Comunidade Valenciana, Andalucía, Cataluña e País Vasco.

Así se desprende do informe *Implicacións económicas e sociais dos riscos naturais*, dirixido polo coordinador de Riscos Naturais do Ilustre Colegio Oficial de Geólogos, José Luis González García.

Segundo esta publicación, o custo total dos sismos en España entre 1987 e 2001 foi de 203.480.480 euros mentres que o das inundacións, ata o ano 2002, ascendeu a 11.921.035.348 euros.

A este respecto, os autores do libro inciden en que os custos polas inundacións alcanzaron nas últimas décadas o 0,1% do PIB.

Polo que lle toca á seca, as perdas en España no período 2004-2006 alcanzaron un valor estimado de 2.685 millóns de euros.

Perdas económicas cos desastres naturais

Perdas ocasionadas por terremotos e inundacións

TERREMOTOS (1987-2001)



Comunidade	En euros
Andalucía	58.408.586
Murcia	61.512.583
Galicia	35.772.962
C. Valenciana	22.301.715
Cataluña	9.059.768
C. A Mancha	8.124.573
C. e León	7.498.926
P. Vasco	1.943.932
Navarra	1.832.229
Asturias	1.088.472
Canarias	1.081.575
Madrid	595.617
Baleares	237.380
Aragón	43.970
Cantabria	7.688
Extremadura	2.404
A Ríoxa	
Ceuta	
Melilla	
TOTAL	203.480.480

INUNDACIÓNS (1987-2002)




Comunidade	En euros
C. Valenciana	3.353.227.646
Andalucía	3.310.785.402
Cataluña	1.325.720.511
P. Vasco	1.200.086.233
Galicia	385.422.214
Madrid	369.635.719
Murcia	341.674.308
C. e León	333.573.020
Baleares	311.290.712
Extremadura	275.509.377
Aragón	236.865.298
C. A Mancha	184.891.414
Canarias	183.625.773
Navarra	99.169.581
Cantabria	54.134.569
Asturias	39.400.584
A Ríoxa	11.055.190
Ceuta	3.483.047
Melilla	1.514.690
TOTAL	11.921.035.348

Perdas estimadas para o período 2004-2033 (en millóns de €)

Terremotos	Inundacións	Total
2.096	25.722	27.818
70/año	857/año	927/año

Número de desastres por ano



Fuente: Implicacións económicas e sociais dos riscos naturais, Colección de Geólogos, José Luis González García.

Realizan, ademais, unha estimación futura (2004-2033) dos custos que estes desastres naturais lle custarán a España: un total de 27.818 millóns de euros, o que supoñen 927 ó ano, dos que 70 serán polos movementos

sísmicos e outros 857 millóns polos efectos das riadas.

O equipo encargado da publicación considera que "malia que as inundacións son recorrentes en períodos de tempo máis ou menos

estables e sobre as mesmas zonas, a lei segue sendo demasiado laxa á hora de evitar a construción de edificios e urbanizacións en zonas de risco". De feito, indican os autores, o 95% das mortes por inundacións

ocorridas no Estado desde o ano 1990 producíronse nestes terreos perigosos.

Con todo "actualmente en España os danos producidos polos fenómenos de orixe natural están lonxe de alcanzar as cifras que se rexistran noutras partes do mundo", indica o informe. Os escenarios "continúan" que os expertos manexan con relación ó cambio climático presentan un futuro cun importante incremento dos eventos climáticos extremos, tanto en frecuencia como en intensidade". De igual forma, "o risco sísmico e volcánico, pouco activos no pasado recente, representan unha ameaza grave, sobre todo terremotos e tsunamis, como a fonte de dano potencial máis importante".

Polo que respecta ó dano social, os desastres naturais deixaron máis de 1.200 mortos desde a década dos 90. Así, cada ano estas catástrofes cobran a vida, como media, de 23 españois por inundacións, 14 por tormentas, 5 por lumes forestais, 10 por efectos do vento ou 9 polos golpes de calor.

De feito, este último capítulo existiu un significativo aumento de vítimas: entre 1995 e 2002 non se rexistrou ningunha, pero un ano despois, os golpes de calor ceixaron 60 mortos, e no 2004 outros 23, segundo apunta o informe. ●

O anticiclón leva ás praias os primeiros bañistas do ano

Tras os temporais que nestes primeiros días do 2008 azoutaron Galicia, a calma volve á comunidade grazas a un intenso anticiclón que onte nos deixou temperaturas superiores ós 20 graos en varios puntos da xeografía galega. De feito, e a algo máis dun mes de que chegue a primavera, foron moitos os que onte aproveitaron este bo tempo e os máis ousados achegáronse incluso a praias, como a de Riazor, na Coruña, -cos mercurios ata os 23 graos centígrados- a gozar de baños de sol, e auga, con bañador incluído. A situación, segundo as predicións de Meteogalicia, dependente da consellería de Medio Ambiente, apunta a máis xornadas primaverais nos próximos días, sen cambios significativos nas temperaturas. Esa será, precisamente, a tónica xeral no comezo da semana próxima, con ceos despeixados e máis sol. ● REDACCIÓN



Aspecto que presentaba onte a praia de Riazor, na Coruña

Achan vivo un bebé nos cascallos dos tornados que afectan a EEUU

Un bebé de once meses foi achado vivo e ben de saúde por un bombeiro a cen metros da súa casa na vila estadounidense de Castalian Springs, do estado de Tennessee, que foi azoutado por fortes tornados, segundo informaban onte os medios locais. Kerri Stowell, a nai do bebé, Kyson Stowell, é unha das 56 vítimas mortais que causaron os tornados rexistrados o martes e mércores desta semana en varios estados do sur de EEUU.

O bebé foi descuberto de forma casual polo bombeiro David Hammon cando inspeccionaba un campo próximo a unha das zonas máis afectadas polos ventos tempestuosos. Hammon explicou que o que en principio considerou "un boneco" descubriu cunha lanterna no medio dun campo e cuberto por lodre e cascallos, aínda que rapidamente se decatou de que movía a boca e en canto o mexeu un pouco rompeu e chorar. ● EFE

Mumbai rexistra a temperatura máis baixa en 46 anos: 8,5 graos

A cidade de Mumbai, no oeste da India, rexistrou onte a temperatura máis baixa nos últimos 46 anos, ó baixar o mercurio ata os 8,5 graos centígrados debido á onza de frío que está azoutando desde hai unhas semanas parte do país. Segundo o director rexional do departamento de meteoroloxía, K. Sathidevi, a última vez que fixo tanto frío nesta cidade foi o 27 de xaneiro de 1962, cando o termó-

metro marcou 7,4 graos. "O actual descenso das temperaturas na cidade débese a onda de frío que está afectando o norte da India", asegurou Sathidevi, citado pola axencia PTI. Moitos habitantes da cidade, feitos o bo tempo durante todo o ano, puéronse abrigados de la para saír a rua, amidando que a maioría, atemorizados polas baixas temperaturas, optaron por quedar na casa. ● EFE